

BALBINA

Eran xa as once da mañá, mais cando abrín a porta do seu cuarto aínda pensei que puidera estar dormida: a abundante medicación que tomaba para a súa doenza alongaba os seus períodos de sono con frecuencia, e era habitual atopala durmindo a destempo. Porén, esta mañá tiña unha postura estraña, pois estaba completamente boca arriba, sen inmutarse, e cunha pel tersa e brillante que me recordou á da súa xuventude. Como acotío, alonguei a miña man para espertala. A súa enfermidade apenas lle permitía recoñecerme, pero eu actuaba coma se non me afectase e sentía que ela gustaba igualmente dese contacto físico. Sorría ao espertar, eu levantaba a persiana para que os primeiros raios de luz entrasen no seu cuarto e, a partir dese momento, poñía en marcha as miñas rutinas diarias con Balbina: erguela, alimentala, aseala, levala ao sofá coa axuda da grúa, darlle as súas menciñas, acostala... Aos meus 86 anos, a miña saúde era aínda boa, e realizaba estas tarefas sen axuda de ninguén. Sentía que estes coidados eran a razón de ser da miña propia existencia.

Cando finalmente toquei a súa pel e díxenlle: “Vamos, Balbina, é hora de espertar, preguiceira”, de súpeto o meu corpo pegou un brinco e retrocedeu. Estaba fría coma unha mañá de xaneiro e eu puíden comprender con claridade que Balbina xa non pertencía a este mundo. Despois do primeiro impacto, sentín un leve esmorecemento e senteime na cama para pensar que facer. Co paso dos días, os meses, e logo os anos desde que a enfermidade fixera a súa aparición, Balbina e mais eu forámosnos afundindo pouco a pouco nunha espiral de coidados e adaptacións que nos afastaran primeiro das nosas amizades e, co tempo, dos nosos propios familiares. Balbina apenas tiña familia, tan só un sobriño cuxo único devezado era verse convertido no herdeiro dos seus bens, e que nos complicaba a vida algo máis do desexable, e eu, aínda que tiña varios irmáns e sobriñas, fun vendo como a relación con eles se arrefriaba segundo avanzaba a enfermidade de Balbina e precisaba máis de min.

Levanteime da cama e collín o teléfono para chamar á miña sobriña Ánxela. Tiña un carácter brusco e amagoábase con calquera pequenez cotiá, mais, por idade, coidei que sería a persoa máis indicada para acometer aquelas interminables xestións inherentes á morte. Colleu o teléfono rapidamente, coa súa habitual voz malhumorada:

– Que! –era a súa fórmula habitual para coller unha chamada, e quería dicir “quen carallo ousa molestarme cos seus problemas cos que xa teño eu de por si?”.

– Ánxela... Balbina... Está... Non esperta... –respondín eu.

– *Bueno*, vou para alí –limitouse a responder e colgou o teléfono.

Ánxela vivía na mesma rúa ca nós, daquela, non tardou máis de cinco minutos en chegar. Cando entrou na nosa casa e veu a Balbina, constatou o que eu non fora capaz de comunicarlle por teléfono:

– Leva morta horas. Vou chamar ao seguro para que comecen cos trámites. Terás que avisar a Pepe, o sobriño. Vaise poñer moi contento, o fillo de puta. Non vía a hora de cobrar a herdanza. Tamén haberá que ver se se pode abrir o nicho de San Amaro xa. Aínda non hai un ano que soterraron nel a Daniel. Penso que haberá problemas.

– ¿San Amaro? –respondílle eu– Balbina repousará en Terces. Era a súa vontade e tamén a miña.

Balbina nacera nunha casa da aldea de Terces. Alí pasara a súa nenez, coidando do campo e o gando e axudando á súa nai coa casa. Fora unha nena bastante solitaria, pero ben afeita aos traballos do campo, tarefas que adoitaba compartir cos seus irmáns varóns en igualdade de condicións, pois a súa forza física era envexable. Os meus irmáns e mais eu viviamos na Coruña, mais adoitabamos pasar algúns días de verán en Terces coa miña nai, nunha casa preto da de Balbina, na que unha muller chamada Blanca alugaba cuartos por quincenas. Terces era para min un sinónimo de absoluta liberdade e ledicia: a leite acabada de muxir das vacas da señora Blanca no almorzo, os baños na auga xeadada do río de Berobre, os longos paseos pola praia de Ariño, as froitas da horta da nai de Balbina... E a propia Balbina. Dende que a vin por primeira vez, fixen por trabar amizade con ela: interesábame polos coidados dos animais, pedíalle que me aprendese a fouciñar as malas herbas e mesmo colleitaba con ela e a súa familia as patacas e cebolas no mes de agosto, sacrificando outros pasatempos antano máis gratificantes para min coma os baños no mar de Ariño. Ela, paciente e discreta, aprendíame o que lle pedise, pero os nosos contactos non pasaban de ahí. Pola contra, a miña irmá maior, Margarida, tiña unha relación máis estreita con Balbina: baixaban xuntas á ribeira a mollar os pés e falar, ían, cando as deixaban, aos bailes das festas das aldeas preto de Terces... As miñas irmás menores borboriñaban que andaban aos mozos, pero eu non quería crer esas teorías.

Foi a amizade entre Margarida e Balbina a que permitiu que esta comezara a vivir connosco no piso familiar da Coruña. A nai de Balbina, pensando no futuro da súa filla, pedira á miña nai que lle conseguise algún traballo á súa filla na Coruña, pois o campo daba o que daba e ela xa ía vella. O noso pai tiña algúns contactos polo seu traballo e recomendou a Balbina para traballar nunha farmacia preto da Costa da Unión. Como era habitual naquela época, Balbina veu vivir coa nosa familia e así foi como rematei de namorarme dela. A súa actitude comigo tamén comezou a ser distinta, se cadra polo compromiso que asumira coa nosa familia: deixábame acompañala á farmacia de camiño ao meu traballo, tamén voltabamos camiñando, as conversas eran máis longas e a miña presenza resultáballe cada vez máis agradable. Co paso do tempo, a complicidade fíxose evidente. A miña irmá Margarida, que era moi espelida, decatouse de todo e un día colleume por banda e díxome:

– Sei perfectamente o que pasa con Balbina, e non o vou permitir. Na casa dos nosos pais! Non tes vergoña e Deus che castigará.

As súas palabras caeron sobre min coma unha xerra de auga fría. Ata ese momento, eu non fora consciente de que alguén podería comezar a sospeitar das nosas discretas intimidades. Pero ahí estaba a miña irmá para poñer os atrancos que fosen precisos. Daquela, nos veráns, nós xa non alugabamos a casa da señora Blanca en Terces, senón que iamos á casa familiar de Balbina, á que a súa nai nos convidaba de boa gana por ter empregado á súa filla na Coruña. Aquilo era maravilloso: pasar as vacacións no paraíso de Terces, desfrutando do campo, do sol e do mar na compañía de Balbina e a súa familia... Mais aquel verán a miña irmá maior Margarida estaba a piques de botalo todo a perder:

– Onte falei con mamá e explíqueille a necesidade de que quedases aquí na Coruña este verán para asistir aos exercicios espirituais do pai Ezequiel.

– Pero ti estás tola? Que pretendes? Quero desfrutar das miñas vacacións en Terces, coma ti! –respondín eu visiblemente anoxada.

– Xa habrá tempo de desfrutalas máis adiante. Agora convén domear os instintos e botar fóra eses demos que te levan por dentro... -dixo Margarida coa suficiencia que lle daba o seren a irmá maior.

– Xuro que mas pagarás!

Ese verán quedei na Coruña asistindo aos exercicios espirituais. Cando todos voltaron de Terces, morenos e rexos, eu só pensaba en ver a Balbina. Estaba radiante, coa súa dura pel bronceada e o pelo máis loiro que de costume. Contiven a emoción de abrazala para non levantar máis sospeitas. Cando todos durmiron, fundímonos nun temeroso bico de reencontro.

Tomamos unha resolución: por mor de que a farmacia de Balbina quedaba lonxe da nosa casa familiar, ela alugaría un piso preto do seu traballo. Alí poderíamos ser nós sen levantar sospeitas. Así foron pasando os anos, entre as miñas visitas diarias ao piso de Balbina e as súas á nosa casa, onde ela sempre foi moi ben recibida, pois a relación entre as familias sempre foi moi estreita. Ninguén se sorprendeu de que eu non casara, pois, asombrosamente, a meirande parte dos meus irmáns non casaron tampouco –se cadra polas extremas precaucións que tomara a nosa nai neste senso.

Cando morreron os meus pais, vin o momento e tomei unha determinación: mudaríame a vivir con Balbina, coma sempre desexara pero non fixera por respecto a eles. No xantar, comuniquéi a decisión aos meus irmáns:

– Agora que xa non hai que coidar de mamá e papá, gustaríame vivir de forma independente. Balbina ofréceme un cuarto que lle sobra na súa casa. Parcévos ben?

De novo, ninguén se sorprendeu demasiado, nin tivo unha reacción fóra do habitual. Agás Margarida. Cando rematamos de comer, colleume nun aparte e díxome:

– Sei que mantiveches esa relación sen a beizón de Deus todo este tempo. Coitados dos nosos pais, que morreron sen sabelo... Que pretendes agora con esa vella? Balbina xa non é ningunha rapaciña casadeira...

Obviei as palabras de Margarida e mudeime con Balbina ao seu piso. Tiña 52 anos recién cumpridos. Así comezou o tempo máis feliz das nosas vidas: a convivencia, os almozos, as ceas, os domingos, as viaxes, a construción dunha nova casa en Terces... Todo era perfecto con ela. Nin discusións, nin mostras de amor desmedidas. Simplemente nós. Cando chegou a nosa xubilación, estabamos no noso mellor momento. Balbina colleu o seu retiro e marchamos á casa de Terces a gozar da nosa vellez.

Un día, entrei pola porta da casa de Terces e cheiroume a fume. Rapidamente fun cara a cociña e atopei unha pota ardendo no fogón. Balbina estaba na sala tranquila, ollando para o televisor. Nerviosa, díxelle que a comida estaba ardendo e ela olloume cunha mirada perdida, sen semellar comprender o que lle estaba dicindo. Os despistes acumulábanse e unha neboenta mañá de outono, o doutor confirmou as miñas peores sospeitas: a enfermidade desenvolvíase en Balbina. Tiña 72 anos. Voltamos a Terces no vello Ford branco de Balbina e aparcouno baixo da parra, sen saber que era a derradeira vez que o collería. Pouco a pouco a doenza foi mostrando a súa face máis agre, e tivemos que voltar ao noso vello piso da Coruña, que eu fun adaptando ás necesidades de Balbina.

Nos dez anos que pasaron desde entón, eu aprendín a amar a Balbina doutra forma, máis profunda, sen reservas. Pouco me importou que as nosas amizades e familiares non nos axudasen nos momentos máis difíciles ou directamente nos desen as costas. Eu estiven para ela e ela estivo para min.

– Tía, preguntanme os da funeraria que queres poñer na lápida de Balbina? –a repentina pregunta da miña sobriña Ánxela devolveume ao presente.

– Eh... Si, nena, dilles que poñan isto:

D.E.P.

Balbina Costas Arnela

†12 de febreiro de 2018

Quérete a túa muller, Marisa.